

# PASSAGES

Ira Sachs, 2023

# 1164

ESTREA EN NUMAX: 01.09.2023 | V.O.S.E. | +12 | 91 min

Durante o seu último día de rodaxe en París, o director de cinema Tomas déitase con Agathe, unha moza que coñece nunha discoteca. Cando Tomas llo conta orgulloso ao seu marido Martin, xorde unha relación entre os tres marcada pola paixón, os celos e o narcisismo.

«Un espiñoso drama sobre un triángulo amoroso»

Benjamin Lee, THE GUARDIAN



## Unha mirada reflexiva, xenerosa e realista a como as persoas cambian pero seguen sendo iguais

Por Elena Lazic

Os filmes de Ira Sachs sempre tiveron lugar nun mundo parecido ao noso, pero cun estilo lixeiramente esaxerado, máis fluído que a realidade. Porén, os seus personaxes non son anxos; os seus defectos e calidades complexas fan que a súa obra sexa fundamentalmente humana. Con *Passages* o cineasta estadounidense parece regresar aos dramas discretos polos que é máis coñecido.

A secuencia inicial parece subliñar deliberadamente esta transición cara un novo tipo de realismo: vemos a Tomas (Franz Rogowski) colocando os seus actores para unha escena da filme que está dirixindo. A continuación, como para afastarse aínda máis do mundo do cinema, a seguinte escena non empeza con Tomas, senón cun grupo de mozos que traballaron no seu filme, visiblemente aburridos na festa de fin de rodaxe. *Passages* está chea deste tipo de xustaposicións intelixentes e irónicas, que extraen con delicadeza a comedia dos seus personaxes, que se encontran en diferentes etapas das súas vidas, con prioridades e intereses diferentes. Incluso Martin (Ben Whishaw), o marido de Tomas, se cansa cedo da festa e marcha para a casa, deixándoo só na pisa de baile.

Tomas coñece a Agathe (Adèle Exarchopoulos), que tamén traballou no seu filme e o que comeza como un inocente baile acaba nunha noite de amor. Cando Tomas lle conta a Martin ese emocionante desenvolvemento dos acontecementos, este reacciona da maneira máis británica posible: cambiando de tema e abandonando a habitación. Os tres membros deste triángulo amoroso parecen clixés do artista gai alemán, o inglés reservado e a francesa liberada, pero Sachs e o seu coguionista Mauricio Zacharias recoñecen o carácter cómico deste escenario. Aínda así, logran darlles vida tomándoos en serio. Visualmente, isto tradúcese nas interpretacións de tres dos mellores actores da súa xeración, cada un nun papel que aproveita ao máximo os seus talentos únicos: a presenza e corporeidade de Rogowski, as expresións sutilmente calculadas de Whishaw e a mestura de inocencia e forza de Exarchopoulos. Esta xenerosidade cara os personaxes tamén se reflicte na forma en que o filme se deleita véndoos existir: a directora de fotografía Josée Deshaies logra que cada imaxe non sexa simplemente fermosa, senón que tamén axude a dar vida a todo o corpo dos actores, desde a forma en que se moven a través do espazo ata os seus pequenos xestos e miradas. A montadora Sophie Reine deixa que sexan eles, os seus movementos e emocións, os que diten a forma dunha escena e non ao revés.

O filme é irresistible en todo momento, pero Sachs tamén constrúe, cunha graza impresionante, un arco narrativo crible para estas tres persoas que se encontran nunha encrucillada. Os desexos e expectativas que non coinciden poden ser divertidos, pero tamén arrepiantes, e o que podería ser unha comedia de costumes tranquila e mundana sobre xente que experimenta con diferentes estilos de vida convértese nun relato agridoce sobre grandes esperanzas, bo sexo, dolorosas decepcións e decisións difíciles. A historia podería caer facilmente no melodrama barato, pero Sachs faille xustiza ao non esaxerar nin atenuar a importancia do que está en xogo. O seu respecto tanto polos seus personaxes como polo seu público, a súa honestidade e valentía como cineasta, fan de *Passages* un dos seus mellores filmes ata a data e a obra dun artista no sentido máis puro da palabra.